



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Advo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia Galega de Innovación e a entidade Provincia de Hispania de la Orden de Predicadores para colaborar co financiamento dos gastos derivados da exposición “La esencia del objeto”,* é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 29 de xaneiro de 2019.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electrónicamente a presente dilixencia.



Xacobeo 2021





MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A ENTIDADE PROVINCIA DE HISPANIA DE LA ORDEN DE PREDICADORES PARA COLABORAR CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXPOSICIÓN “LA ESENCIA DEL OBJETO”

1.- O Decreto 74/2018, de 5 de julio por el que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza atribúe a este órgano, entre outras competencias, as competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia o fomento da imaxe integral de Galicia no exterior e a proxección exterior de Galicia.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos atribúelle a esta entidade, entre outros obxectivos os de definir e desenvolver as políticas públicas que permitan ás empresas e ao resto dos axentes o desenvolvemento de iniciativas de innovación construídas a partir dos coñecementos que incrementen a súa competitividade e o seu crecemento. Así mesmo, correspóndelle apoiar a promoción e divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, promovendo o interese da sociedade pola investigación, o desenvolvemento e a innovación.

2.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, está a desenvolver diferentes actuacións encamiñadas a potenciar a proxección de Galicia no exterior.

A entidade Provincia de Hispania de la Orde de Predicadores é propietaria da Igrexa de Santo Domingo o Real, situada na rúa Claudio Coello, número 141 de Madrid, dentro da cal se atopa o “espazo O_ LUMEN” configurado como un espazo para acoller actividades e proxectos artístico-culturais para o encontro entre as artes e a espiritualidade.

No programa propio de actividades artísticas de O_ LUMEN inclúense exposicións de pintura, escultura, videoarte, arte lumínico, fotografía, etc.





Entre as actividades programadas para levar a cabo no citado espazo O_ Lumen atópase a mostra “A esencia do obxecto”, cuxa finalidade é a exposición de pezas únicas de amoblamento e iluminación (prototipos, maquetas, esbozos de desenvolvemento de ideas, fotografías, etc.) do arquitecto galego León López de la Osa e coa que se pretende apostar pola presenza do deseño galego fóra da nosa Comunidade Autónoma. Este deseñador participa no proxecto Desing 4 que está a desenvolver o GAIN.

Esta exposición atópase adscrita ao circuío do festival internacional Madrid Design Festival que se celebra en Madrid ao longo do mes de febreiro de 2019 e que ten como obxectivo converter a Madrid na capital do deseño e situala nun lugar privilexiado no contexto internacional, abarcando todas as disciplinas do deseño, desde o deseño gráfico pasando pola comunicación ou o interiorismo, hibridando todas elas nun formato contemporáneo e innovador. Madrid Desing Festival propón para iso un programa transversal que permite mostrar propostas de deseñadores de referencia.

Coa exposición “A esencia do obxecto” preténdese dar visibilidade internacional ao deseño galego a través da mostra do arquitecto e artista galego León López de la Osa, quen durante 22 anos foi profesor de Proxectos Arquitectónicos na Escola de Arquitectura da Coruña e que actualmente desenvolve o seu exercizo profesional en Vigo.

3.- Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa entidade Provincia de Hispania da Orde de Predicadores o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2019.

4.- O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia Galega de Innovación e a entidade Provincia de Hispania de la Orden de Predicadores para colaborar co financiamento dos gastos derivados da exposición “La esencia del objeto” que se celebrará en Madrid do 6 de febreiro ao 10 de marzo de 2019 dentro do circuío do festival internacional *Madrid Design Festival* para dar visibilidade internacional ao deseño galego a través da mostra do arquitecto e artista galego León López de la Osa.





5.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Axencia Galega de Innovación consideran necesario colaborar coa entidade Provincia de Hispania de la Orden de Predicadores no desenvolvemento destas actividades.

En atención ao exposto, e vista a especificidade do programa a desenvolver, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública de conformidade co previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.- Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados no convenio de colaboración, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aboará á entidade Provincia de Hispania de la Orden de Predicadores a cantidade de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05 21 121A 481.1 (código de proxecto 2015 00089) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019.

Incorporase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2-a), da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia.

Na cláusula cuarta do convenio recollese o réxime de xustificación e libramento dos fondos. A achega económica da Consellería realizarase de acordo co previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2019

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja



Xacobeo 2021